



# REIS E RAÍÑAS

Sagrado Corazón e Academia A Mariña Burela en infantil, e M<sup>a</sup> Auxiliadora en preminibasket feminino proclamáronse campións Provinciais esta pasada fin de semana





Sabela gañando a liña de fondo ante unha rival



Any encarando o aro rival nun lance do xogo



Nuria nun un para un cunha xogadora visitante

# Apareceu a versión máis cruel do deporte

**O ENSINO, FÓRA DOS PLAY OFF** tras perder por un punto no Anexo e quedar mal parado nun cuádruple empate entre terceiro e sexto

62		63	
ENSINO		C. MARIANO	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Maite	11	García	
Sabela	2	Castro	
Nerea	3	Rodríguez	
Silvia		Estévez	
Nuria	15	Fernández	
Lara		Rodríguez	
Cristina		Santos	
Natalia G.	12	Andrés	
Any	10	Vega	
Lucía			
Mencia	9		

O Cafés Candelas Ensino despediu a tempada de forma inesperada e cruel. O conxunto lucense dependía de si mesmo na última xornada, na que unha vitoria ante Colegio Mariano no Anexo dáballes a clasificación para os play off como terceiras e coa posibilidade de ser cabezas de serie nas semifinais, pero unha derrota propiciaría un cuádruple empate entre o terceiro e o sexto clasificado, deixando a Ensino fóra da final four.

Conscientés diso o

**“Primero, felicitar a mis jugadoras por el trabajo realizado a lo largo de todo el año y segundo, al rival por su gran victoria”** ADRIÁN GONZÁLEZ Ensino

conxunto que dirixe Adrián González preparou a conciencia o encontro, unha final que se xogaba en casa e que empezou a pedir de boca.

No primeiro cuarto o Ensino foi mellor, empezou coas ideas moi claras, cunha boa defensa, correndo en ataque e gañando en confianza cun parcial inicial de 17-10.

Mariano demostrou que non estaba de paso polo Anexo e endureceu o xogo nun segundo parcial no que ás lucenses faltoulles un pouco de frescura. O empate a 16 dos segundos dez minutos deixaba o marcador en 33-26 ao descanso, unha renda de 7 puntos que ampliou o

Ensino ata os dez de vantaxe ao comezo do terceiro cuarto, no que parecía que o partido rompiase para as lucenses.

Con todo, cando máis de cara estaba o encontro, o Ensino empezou a dar sinais de debilidade, cometendo erros por precipitacións e dando vida a un Mariano que estaba a piques do KO.

Aos últimos dez minutos chegouse con máis seis para Ensino, pero a dinámica ascendente de Colegio Mariano foi imparabile. As lucenses intentaron reaccionar con guerras solitarias que non chegaron a bo porto, e as visitantes xogaron coa ansiedade local para chegar

## 4

**EQUIPOS EMPATADOS** Colegio Mariano, Bosco, Estudiantes e Ensino remataron a Liga regular con 6 vitorias e 8 derrotas, sendo o Ensino o equipo mal parado polo cuádruple empate na táboa

## 1

**PUNTO** O Ensino, que caeu por un só punto que fai a diferenza entre ser terceiro ou sexto na clasificación final do Galego cadete feminino

con opcións á recta final e culminar a remontada coa que lle roubaron o pase a Ensino e presentaranse a próxima fin de semana en Santiago de Compostela como terceiras nos play off polo Campionato de España cadete feminino que se disputará en Valencia.

## Estudiantes cítase con Pío na F4

**ROSALÍA, ANFITRIÓN DO PLAY OFF**, será o rival a bater

67		43	
CELTA VIGO		ESTUDIANTES	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Yáñez		Carlota	
Pérez		Candela	
Prieto		Yashina	
Dembélé		Enma	
Vázquez		Marta F.	
Gil		Claudia	
Felipe		Cristina	
García		Alejandra	
Estévez		Laura	
Papin		Carla	
		Marta R.	

**“Creo que hicimos un partido muy completo ante el campeón gallego cadete femenino”** SISE PEINÓ Estudiantes Leyma



Sise Peinó animando a Yashina e Carla no banquiño

Estudiantes xa ten data e rival para o partido do ano. As lucenses xogarán o vindeiro sábado pola tarde ante Instituto Rosalía Pío XII por un posto no Campionato de España cadete. Todo parece indicar que Galicia terá tres prazas este ano para Valencia, pero si son dous habería que gañar a final four.

A cita é en grao sumo esixente, cun rival que loitou polo título ata as últimas xornadas ante un coloso como é o Celta, pero Estudiantes demostrou precisamente ante o campión en Vigo na última xornada que si compete ao seu máximo nivel, terá as súas opcións.

O listón defensivo que exhibiu Estudiantes en Vigo na primeira parte será o maior aval das lucenses en Santiago. As de Sise Peinó secaron o potencial ofensivo do Celta e tomaron o mando no marcador con primeiro parcial de 14-15, mentres que no segundo o Celta logrou igualar o marcador ao descanso cun dous máis un na última xogada.

Ao comezo da segunda parte o Celta tivo unha mellor posta en escena e dez minutos de desconexión lucense sentenciaron o encontro cun parcial de 20-4, mentres que no último cuarto Estudiantes recuperou a súa mellor versión e gañou en sensacións de cara aos partidazo do próximo sábado pola tarde en Santiago.

## Santiago, escala para chegar a Huelva

**ESTUDIANTES LEYMA** medirase a Tui nas semifinais dos play off



Sergio supera a un rival na liña de fondo



Álvaro a piques de lanzar baixo o aro

71		76	
ESTUDIANTES		SEIS NADAL	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Sergio	3	Faílde	
Eliou		Tresandi	
Jorge	10	Herrero	
Iker	3	Montero	
Anxo	8	Zepeda	
Garabito	3	Vila	
Álvaro	11	González	
Ollolqui	19	Sánchez	
Dani	2	Romero	
Antón		Rabadán	
Durán			
Pedro	12		

Termináronse as probas con balas de foguero para Estudiantes, que ante Seis do Nadal na última xornada de Liga probou diferentes situacións de cara aos play off que se disputarán en Santiago a próxima fin de

**“Esperamos corregir los errores de este partido para competir lo mejor posible en la final four”** JAVI PEINÓ Estudiantes

semana, con Tui como primeiro rival.

Os ensaios non tiveron os resultados previstos, sobre todo ao comezo do encontro con lagoas defensivas que aproveitou Seis do Nadal para tomar o mando o marcador. Os vigueses necesitaban a vitoria para estar nos play off e conseguírona.

Tralo 18-21 do primeiro cuarto, no segundo Estudiantes mantívose vivo ao dominar o rebote ofensivo,

chegando ao descanso con 43-44.

Ao comezo da segunda parte Estudiantes mellorou en defensa, pero custoulle un mundo anotar e Seis do Nadal abriu brecha ao dominar o rebote, 10-17 para chegar con máis oito aos últimos dez minutos nos que, pese a poñerse a dous puntos a falta de dous minutos, Estudiantes non puido culminar a remontada.

# Cuarta vitoria consecutiva do Academia A Mariña Burela

**ANTÓN EXPÓSITO** volveu tras superar a lesión e foi o referente ofensivo dos de Manolo Cobas ao asinar 25 puntos na vitoria ante Porriño no tempo extra en Vista Alegre

61		56	
BURELA		PORRIÑO	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Diego	10	Vilas	10
Raúl		Di Carlo	
Alvaro Ben	3	Rodríguez	
Pablo		Vázquez	
Carlos	11	Fernández	
Joaquín		Pérez	
Antón	25	Alonso	
Luis		Lorenzo	
Alvaro F.		Gomes	
Marcos		Catenazzi	
Daniel		Puente	
		Vázquez	



Carlos, autor de 11 puntos, co balón en Vista Alegre

O Academia A Mariña Burela segue atravesando un bo momento, sobre todo en canto a resultados tras sumar os de Manolo Cobas a súa cuarta vitoria consecutiva na Liga Galega infantil masculina.

Á marxe do gran dato das vitorias aínda máis importante é a paulatina recuperación de xogadores. Nesta ocasión reapareceu Antón Expósito, sendo ademais a referencia ofensiva do equipo ao

terminar o encontro do seu retorno ás pistas con 25 puntos. Pese á boa dinámica

de resultados dos mariñoas a posta en escena foi moi discreta e Porriño aproveitou para tomar o mando no marcador cun primeiro parcial de 8-11.

Os primeiros dez minutos estiveron marcados por un xogo en ataque demasiado individual e con erros nas penetracións a canastra que foron castigadas por un Porriño máis fiable no tramo inicial de partido.

No segundo parcial Burela empezouse a entonar, subindo a intensidade defensiva e circulando mellor o balón ata atopar posicións de vantaxe para anotar. Todo iso viuse reflectido no marcador cun segundo parcial de 17-11 que deixou o marcador en 25-22 ao descanso.

Sen chegar ao romper o encontro no terceiro cuarto, no que Burela volveu cometer os erros do primeiro parcial. Porriño

**“Tuvimos demasiadas precipitacións en el juego y pecamos de individualismo en ataque a pesar de conseguir la victoria”** MANOLO COBAS Academia A Mariña Burela

chegou con opcións ao último tralo axustado 10-9 co que finalizou o terceiro.

Con cinco puntos de vantaxe para os de Manolo Cobas empezaron os últimos dez minutos, nos que Porriño puxo contra as cordas a Burela chegando a forzar a prórroga cun último parcial de 17-22. O Academia A Mariña Burela soubo sufrir cando era necesario e no tempo extra conseguiu desnivelar o marcador ao seu favor cun parcial de 9-4 co que puxeron fin á resistencia de Porriño e sumaron a súa cuarta vitoria consecutiva.

3º

**POSTO NA CLASIFICACIÓN** para o cadro mariño, que se sitúa a unha vitoria de Porriño tras impoñerse en Vista Alegre nesta xornada

9-4

**NO TEMPO EXTRA** Burela conseguiu impoñerse na prórroga tras superar os seus peores momentos no último cuarto do tempo regulamentario

## CLASIFICACIÓN DE PUNTOS MASCULINO | FEMININO | MIXTO

Puntos JÚNIOR MASCULINO			Puntos CADETE MASCULINO			Puntos JÚNIOR FEMININO			Puntos CADETE FEMININO			Puntos INFANTIL MIXTO		
Xogador	Equipo	Ptos.	Xogador	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogador/a	Equipo	Ptos.
JANUSEVICIUS	Estudiantes	594	XOSÉ	CB Viveiro	369	CARMEN	Ensino	344	NURIA	Ensino	304	CARLOS	CB Viveiro	490
MARK	Estudiantes	414	OLLOQUI	Estudiantes	346	JESSI	CB Ribadeo	307	NATALIA	Ensino	295	PABLO	Sagrado	452
IAGO	Estudiantes	287	IKER	CB Ribadeo	339	MARINA	Ensino	276	YASHINA	Estudiantes	256	JULIÁN	Sagrado	324
DANI	Hierros	265	PEDRO	Estudiantes	267	FÁTIMA	CB Ribadeo	208	IRENE	CB Ribadeo	252	MIGUEL	Ensino	314
MARIO	CB Ribadeo	262	ÁLVARO	Estudiantes	258	LEBOREIRO	Ensino	204	CLAUDIA	Estudiantes	250	DANI	CB Ribadeo	292
JULIÁN	Hierros	203	MARIO	S. Ciprián	244	ANA C.	CB Ribadeo	194	MARTA	T. Mariña	245	ÁLVARO	Burela 06	289
LUIS	Estudiantes	200	HUGO	S. Ciprián	239	MAITE	Ensino	166	MAITE	Ensino	198	JORGE	CB Ribadeo	288
LUCAS	Estudiantes	175	JORGE	Estudiantes	227	IRENE	CB Ribadeo	163	IRENE	E. Rojo	189	SIMÓN	CB Ribadeo	274
CABE	Estudiantes	149	MANU R.	CB Ribadeo	219	NATALIA G.	Ensino	160	ANDREA	CB Ribadeo	172	VÍCTOR	Estu 05	273
JUAN	Hierros	137	CRISTIAN	CB Ribadeo	216	NURIA	Ensino	142	MARÍA	E. Rojo	158	CAROLINA	Ensino	268
ADRIÁN	Hierros	137	MARIO	Ensino	215	KRISTINA	Ensino 2	134	ANA	CB Viveiro	156	PABLO	Ensino	265
DIOSIS	CB Viveiro	119	BRAIS	CB Viveiro	206	ALEJANDRA	Ensino 2	121	SARA	CB Ribadeo	148	SAMUEL	Sagrado	258
MARTÍN	Hierros	113	JUAN B.	Ensino	198	ADRIANA	Ensino 2	115	MENCÍA	Ensino	141	LUCAS	CB Ribadeo	252
JORGE	Estu 2	109	PABLO G.	E. Rojo	182	NATALIA	Ensino	99	ENMA	Estudiantes	134	MARCOS	Burela 05	229
DIEGO	Estu 2	109	ANXO	Estudiantes	172	CARMEN	Ensino 2	95	JULIA	CB Ribadeo	123	LUIS	CB Viveiro	207
ADRIÁN P.	CB Ribadeo	102	MIGUEL	S. Ciprián	169	SARA	CB Ribadeo	84	LORENA	Ensino 03	118	ALEJANDRA	Estudiantes	199
ALBERTO	CB Ribadeo	95	DIEGO	S. Ciprián	162	IRIA	Ensino 2	71	ANY	Ensino	117	DIEGO	Burela 05	196
JULIÁN	CB Burela	91	MANU M.	CB Ribadeo	157	LUCÍA	Ensino 2	68	MARTA C.	Ensino 03	113	JULIA	Estudiantes	194
MIGUI	CB Ribadeo	91	IAGO	E. Azul	156	TANIA	Ensino	52	ALDARA	CB Ribadeo	107	SARA	Burela 05	193
ÁLEX	CB Burela	90	ÁLEX	Sagrado	156	ANY	Ensino 2	49	CAROLINA	Ensino 04	106	CARLOS	Burela 05	190
MATEO	CB Viveiro	87	DANI	Estudiantes	151	PAULA	Ensino 2	48	LARA	Ensino 03	104	HELENA	CB Viveiro	185
DARLING	CB Ribadeo	85	ELOY	Estudiantes	148	ALDARA	CB Ribadeo	47	ELENA	CB Viveiro	95	NÉSTOR	Sagrado	185
DIEGO	Estudiantes	75	DANI	Sagrado	148	ZELTIA	Ensino 2	43	ANTÍA F.	T. Mariña	95	ANTÓN	Burela 05	177
DAVID	Hierros	75	SERGIO	Estudiantes	140	LUCÍA M.	Ensino 2	38	LUCÍA	E. Azul	91	MARTA	Estudiantes	173
PIEDRA	Estu 2	73	SEBAS	Ensino	126	JULIA	CB Ribadeo	31	REBECA	T. Mariña	91	FABIO	Burela 06	172
JORGE	Estudiantes	72	SAMUEL	Ensino	118	ANDREA	CB Ribadeo	22	CARME	CB Viveiro	90	NICANOR	CB Viveiro	150
IVÁN	Estudiantes	70	MARTIÑO	S. Ciprián	116	MENCÍA	Ensino 2	18	MERCHE	E. Azul	90	MARCOS	Estu 05	150
PABLO	CB Ribadeo	64	JUAN	Sagrado	108	MARÍA	CB Ribadeo	17	LUCÍA	Ensino	90	ADRIANA	T. Mariña	149
DAVID	CB Viveiro	64	AGUSTÍN	CB Viveiro	101	ALEJANDRA	Ensino	11	SILVIA	Ensino 03	90	JORGE	Ensino	148
XOSÉ	CB Viveiro	61	ÁLEX B.	E. Rojo	101	MARINA	CB Ribadeo	10	LAURA	Estudiantes	86	RAMI	Ensino	145



# Suma e segue dun Estudiantes que tamén sabe gañar sufrindo

**NOVA VITORIA DOS DE NICO FERNÁNDEZ** nun partido dominado durante a primeira media hora, pero no que tiveron que poñerse o mono de traballo no último parcial



Rozas celebrando unha acción nun partido no Anexo

48		50	
NOVOBASKET		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Hermida		Brais	17
Andrade		Dani	2
Arce		Leo	
Alvarez		Bernal	
Soneira		Rozas	4
Mumarq		Serguei	17
Hermida		Antón	
Paz		Mario	
Cainzos		Isma	
Cruzado		Mateo	
Cruz		Pablo	
Loureiro		Santi	10

Estudiantes sumou en Vigo a decimoquarta vitoria consecutiva, mantendo o pleno de triunfos nesta segunda fase e manténdose invictos os de Nico Fernández no que vai de 2019. Polo que sen dúbida son o rival a bater nunha loita polo título Galego ao que optan catro equipos cando tan só faltan tres xornadas para finalizar a competición.

Ante Novobasket o Estudiantes demostrou que sabe gañar xogando

**“Victoria muy importante, sufrida pero merecida por el equipo. Competimos muy bien y también supimos sufrir cuando hizo falta”**

NICO FERNÁNDEZ Estudiantes Leyma

un gran baloncesto e sendo superior, pero que tamén ten capacidade para apertar os dentes e sufrir cando as cousas se torcen.

Coa concentración por bandeira e coas ideas claras impoñendo intensidade en cada acción, Estudiantes tomou as rendas do partido nos primeiros minutos cun parcial inicial de 7-14. No segundo cuarto os lucenses mantiveron o listón alto, pero Novobasket cada vez foise adaptando máis e mellor ao xogo celeste e mantívose no partido cun segundo parcial de 10-13 que deixaba o marcador

en 17-27 ao descanso.

Na segunda parte Estudiantes volveu gañar o terceiro parcial, 7-11, pero as sensacións na pista xa non eran de tanta superioridade ante un rival crecido e que cun último cuarto espectacular no que tiveron calidade e acerto chegaronse a meter de cheo na loita polo partido.

Estudiantes soubo sufrir e manter o nervios para alzarse cunha vitoria que pode ser determinante na loita polo título de Liga, como tamén o será o próximo encontro ante Tui en Anexo.

## 14

**VITORIAS CONSECUTIVAS** para un Estudiantes que se confirma como o rival a bater de cara ao título galego preinfantil. Os de Nico Fernández non coñecen a derrota en todo o que vai de 2019

## 24-38

**PARCIAL** na primeira media hora de xogo, na que Estudiantes se impuxo nos tres primeiros cuartos ante Novobasket

## 24-11

**ÚLTIMOS DEZ MINUTOS** Novobasket anotou os mesmos puntos no último cuarto que nos tres anteriores parciais

## Vitoria nun gran sprint final

**ESTUDIANTES** rematou coa resistencia local cun parcial de 7-32

46		78	
SEIS NADAL		ESTUDIANTES	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Fernández L.		Laura	
Fernández N.		Maria A.	
Fernández I.		Ana	
Oua		Maria C.	
Martínez		Paula	
García		Aroa	
Howell		Sara	
Rúa		Paula	
Taboada		Alma	
Alves		Daniela	
Varela			
Magdalena			



Daniela impoñéndose a unha xogadora rival no Anexo

**“Pese a no haber sido un buen partido, estamos contentas por la victoria. Seguimos trabajando en el día a día con el claro objetivo de mejorar”**

GEMMA SOUTO Estudiantes Leyma

Estudiantes mantense á fronte da clasificación tras impoñerse en Vigo a Seis do Nadal con máis suspense do esperado, pero cun gran sprint final no último parcial no que descolgaron con contundencia ao seu rival.

De inicio, Seis do Nadal suscitou unha defensa moi pechada que colapsou o ataque lucense. Pese a iso, as lucenses tomaron o mando no marcador cun primeiro parcial de 8-12, mentres que no segundo, malia seguir incómodas, as de Gemma Souto en ataque, ao estar moi estáticas e non conseguir vantaxes, ampliaron a diferenza ata

os cinco puntos co ajustado 22-27 co que terminou a primeira parte.

No intermedio Estudiantes aclarou as ideas e cunha posta en escena na segunda parte moi intensa en defensa conseguiu roubar, correr e anotar en rápidas transicións para irse no marcador co 12-19 do terceiro parcial, mentres que nos últimos dez

minutos Estudiantes non concedeu opción e varreu ao seu rival da pista dominando todas as facetas do xogo cun parcial final de 7-32.

Dez minutos que deben servir de referencia para o próximo encontro no que Estudiantes xógase o primeiro posto e medio título de Liga ante o Celta en Navia.

## Maristas xa sabe o que lle agarda

**OS DE RUBÉN ENGROBA** seguen líderes pese a caer derrotados en Marín

76		45	
MARÍN		MARISTAS	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Suárez		Mauro	4
Santamaría		Néstor	5
Malvar		Samuel N.	
Castro		David	9
Omi		Samuel V.	
Pazos		Gabriel R.	5
Villar		Jorge	6
Pons		Julían	8
Casal		Carlos	8
Tomé			

**“Aplicarse al borde del reglamento contra nuestro jugador más determinante les ha salido efectivo en esta ocasión”**

RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

dor cun 13-15 no primeiro cuarto.

A esixencia sobre Julián terminou co xogador lucense no banquiño lesionado. Ademais a descalificación dun xogador lucense deixaba en cadro a Maristas con media hora por diante.

O 21-14 do segundo cuarto poñía a misión de alcanzar a vitoria moi costa

arriba, pero foi entón cando apareceu o xene ganador dos colexiais.

Con todo en contra todos os xogadores dispoñibles deron un paso á fronte e igualaron o terceiro parcial 13-13, chegando coa luz da reserva aos últimos dez minutos nos que non escatimaron en esforzos pese á derrota final.

Maristas segue no máis alto da clasificación a falta de tres xornadas para o final do Galego preinfantil, unha competición na que os de Rubén Engroba chegan moi xustos de forzas e mermados fisicamente, pero o maior obstáculo que deben superar é o de que xa pasaron, de ser unha revelación a un serio candidato, e os seus rivais coñecenos á perfección.

En Marín o conxunto local xogou intenso e ao bordo do reglamento, secando a Julián con faltas pero as porcentaxes desde o tiro libre foron moi pobres, 2 de 16 e con iso os locais fóronse no marca-



Julián defendido por tres xogadores rivais

# De menos a máis en Noia

**MARISTAS DEU UN NOVO PASO Á FRONTE** nun partido marcado polo acerto local na primeira parte e a reacción lucense na segunda



Carlos, xogador de Maristas, correndo unha xogada de contraataque nun encontro disputado esta tempada no Anexo

81

77

NOIA		MARISTAS	
Xogador	Pts.	Xogador	P
Martínez		Juan A	
Queiruga		David	
Andina		Juan G.	
Insúa		Nadia	
Carou		Maria C.	
Freire		Jorge	
Quiera A.		Maria M.	
Palas		Carlos	
Leis		Javi	
Villamor		Néstor	

Maristas asinou un gran encontro en Noia nun partido marcado polo acerto dos locais

**“Tuvimos una gran reacción en la segunda parte, pero lo más importante es que seguimos mejorando aspectos del juego y como equipo”**

OSCAR ENGRUBA Maristas Lugo

na primeira parte, sobre todo no tiro exterior, e pola gran reacción dos colexiais na segunda que estivo a piques de darlle a vitoria aos de Óscar Engroba.

O maior físico dos xogadores locais fixo que

Noia dominase o rebote e dispuxese de segundas e ata terceiras opcións de tiro ata anotar. Froito diso tomaron o mando no marcador na primeira parte con parciais de 18-14, 15-12 e 16-0.

Pero lonxe de baixar os brazos, tralo des-

canso Maristas subiu o ton defensivo e tirou de carácter e acerto en ataque con oito xogadores anotando puntos ata poñer contra as cordas a Noia nun final de partido no que a remontada estivo presente para o conxunto de Óscar Engroba.

Maristas recibirá na próxima xornada a Culle, un dos mellores equipos desta segunda fase que porá a proba de novo o estado de forma e evolución dos colexiais.



Mesfin loitando por un rebote nun partido no Anexo

## Un líder intratable

**ESTUDIANTES** caeu ante o invicto Rosalía

101

51

ROSALÍA		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	P
Pérez		Rubén	
Valdés		Eloú	
Iglesias		Nayo	
Antelo		Bosco	
Portabales		Mesfin	
Corredoira		Pablo	
Dorrego		Diego	
Bellón		Martin	
Hermo		Manuel	
Paz		Samuel	
López		Antonio	
Saavedra			

**“Contenta con el esfuerzo que realizaron todos los jugadores ante un rival tan complicado como al que nos enfrentamos”**

ZAIDA IGLESIAS Estudiantes Leyma

Pío XII Rosalía, líder invicto do Galego minibasket segue sen conceder opcións aos seus rivais. Nesta ocasión tocoulle a Estudiantes medirse cos composteláns en Santiago, nun partido no que pese á diferenza final no marcador os lucenses tiveron momentos de competitividade ante o gran dominador do baloncesto galego alevín.

Estudiantes non deixou de loitar en ningún

momento e en ataque os celestes xogaron un bo baloncesto, pero as lagoas atrás e a calidade de Rosalía castigaba cada despiste con puntos cos que a diferenza íase ampliando no marcador.

Ao final, mellores sensacións do que indica o marcador final para un Estudiantes que na próxima xornada recibirá a Obradoiro no Anexo.

## Sarria visitou a un dos aspirantes

**PARTIDO ADIANTADO** no que os de Xabi López-Acevedo estiveron ben

92

75

OBRADOIRO		SARRIA	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Gutiérrez		Uxio	
López A.		Brais	
López B.		Fausto	
López G.		Mateo	
Requeiro		Diego	
Varela		Miguel	
Martínez		Xabelo	
López		Dimas	
		Alvaro	
		Sergio	

MGR Sarria visitou a Obradoiro en Santiago a primeiros de mes nun partido adiantado a esta xornada no que os de Xabi López-Acevedo ofreceron unha boa imaxe ante un dos mellores equipos da competición.

Nos primeiros minutos os composteláns puxeron en pista ao seu quinteto de menos calidade polo que Sarria dominou con autoridade o primeiro parcial cunha defensa sólida e rápidas transicións para



Xabi López-Acevedo dá instrucións no banquillo

**“Recuperamos sensaciones contra un buen rival”** XABI LÓPEZ-ACEVEDO MGR Sarria

irse no marcador 8-25.

No segundo cambiaron as tornas. Obradoiro tirou da súa artillería pesada e devolveulle o parcial a Sarria, 26-8.

A partir de aí o partido foi máis compensado e igualado, chegando

Sarria ao descanso a sete puntos no marcador. Na segunda parte, Sarria demostrou superioridade técnica pero caeu ante o potencial físico de Obradoiro, que foi o que desviou o marcador ao seu favor.

## Picos de bo xogo do Ribadeo

**ATA O ÚLTIMO PERIODO** os de Sama tiveron opcións de vitoria

84

45

MONTROVE		RIBADEO	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Fernández		Nacho	
González		Héctor	2
Gracia		Andrés	2
González		Iván	9
Calvo		Martin	14
Díaz		Zoe	4
Somoza		Alex	10
Areal		Hugo	4
Zuaznabar			
Dominquez			

A diferenza física volveu ser o factor desnivelante. Montrove conta con xogadores moito máis fortes que Ribadeo e fíxoo visible no marcador final, excesivamente avultado para o visto sobre a pista ao longo do encontro.

O Ria de Ribadeo mantívose no partido durante cinco dos seis parciais, chegando ao quinto con opcións de vitoria e xogando por momentos un bo baloncesto. Con todo, o encontro fíxose longo e Montrove despegou na recta final, á que chegou



Martín foi o máximo anotador de Ribadeo neste encontro

**“A pesar de la diferencia aguantamos en el marcador hasta el final y por momentos jugamos un buen baloncesto”** SAMA Ria de Ribadeo

moito máis enteiro fisicamente que os mariñoas.

O 10-10 do segundo parcial e o 6-18 do cuarto, foron os mellores momentos dos de Sama nun partido do que

volveron saír coa cabeza alta pese á derrota.

Na próxima xornada Ribadeo recibe a Jesuitas nunha boa oportunidade para ter o premio da vitoria.





# VI Gala Premios Líder 2019

O PRÓXIMO 17 DE MAIO celebrarase en Lugo a VI Gala de Premios Líder 2019 ao Baloncesto Base Lucense. Nos equipos de categorías inferiores e superiores. A continuación ofrecemos información detallada sobre as bases que rexen os premios e sobre a

EQUIPOS	PEL.	XOGADORES	ADESTRADORES
MARCELA	12	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	2	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	3	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	4	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	5	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	6	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	7	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	8	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	9	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	10	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	11	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	13	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	14	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	15	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	16	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	17	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	18	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	19	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	20	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	21	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	22	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	23	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	24	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	25	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	26	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	27	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	28	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	29	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	30	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	31	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	32	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	33	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	34	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	35	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	36	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	37	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	38	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	39	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	40	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	41	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	42	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	43	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	44	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	45	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	46	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	47	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	48	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	49	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL
MONTECARMEL	50	ALVARO DE BARRAL	ANDRÉS LÓPEZ DE BARRAL

## Nominacións provinciais

**CADA ADESTRADOR E ADESTRADORA** dos equipos de Júnior, Cadete e Infantil que disputaron un campionato provincial votarán a xogadores e xogadoras da súa categoría con dez, sete, cinco, tres e un punto e a adestradores e adestradoras con cinco, tres e un punto respectivamente, sen poder votar a xogadores dos seus propios equipos. As votacións faranse públicas no Lider e os que teñan máis votos conformarán o mellor quinteto provincial da temporada 2018/2019 de cada categoría



## Publicación equipos

**OS QUINTETOS GANADORES**, os equipos ideais de categorías superiores e os seus adestradores saíran publicados no Lider Basket do próximo martes, 7 de maio, así como as votacións efectuadas por cada adestrador



## Categorías Superiores

**NO CASO DOS CONXUNTOS QUE ESTE ANO XOGARON EN LIGA GALEGA** elixirase un equipo ideal para cada categoría, formado por 10 xogadores e xogadoras, e un adestrador para cada un deles. Desta maneira haberá: Equipo ideal Júnior 1ª División, Equipo ideal Cadete 1ª División, Equipo ideal Infantil 1ª División, Equipo ideal Preinfantil 1ª División e Equipo ideal Minibasket 1ª División. A elección de cada un dos premiados farase por consenso entre os adestradores e a redacción de Lider



## Mellor xogador/a por equipo

**CADA EQUIPO E CADA QUINTETO IDEAL** de todas as categorías, provinciais e superiores, terán o seu MVP, dos que saíra o mellor xogador ou xogadora do baloncesto base lucense 2019. Nos quintetos ideais das segundas divisións, non será elixido necesariamente o xogador ou xogadora que reciba máis puntos nas votacións





# 9 Baloncesto Base Lucense



o suplemento da semana que vén publicaranse os premiados e premiadas das diferentes categorías provinciais Gala na que participarán os xogadores, adestradores, equipos e árbitros máis destacados desta temporada



## MVP 2019

**O MELLOR XOGADOR OU XOGADORA DA TEMPADA 2018/2019 DO BALONCESTO BASE LUCENSE** coñecerase na propia Gala. Todos os premiados teñen opción de ser o MVP da presente campaña. De cada quinteto e equipo ideal sairá un mellor xogador que pasará á gran final, na que se revelará o MVP 2019. Nas categorías provinciais nas que se elixe ao mellor quinteto baixo sistema de votación, non será obrigatoriamente o mellor xogador da competición o que máis votos reciba



## Campións provinciais

**TODOS OS EQUIPOS CAMPIÓN** das Ligas Provinciais junior, cadete, infantil, mini e preminibáskte terán o seu recoñecemento na Gala. Os planteis ao completo recibirán un recordo conmemorativo tras alzarse como reis e rainhas da Provincia na tempada 2018-2019. Tamén os equipos clasificados para os diferentes Campionatos de España serán recibidos e terán o recoñecemento de todos os asistentes a VI Gala dos Premios Lider ao Baloncesto lucense.



## Recoñecementos aos árbitros

**DURANTE A GALA DE PREMIOS** haberá unha mención especial a árbitros e xuíces de mesa que ao longo desta temporada asubieron encontros de baloncesto base na provincia de Lugo

## Premios

**CADA XOGADOR E XOGADORA** elixida nun dos diferentes quintetos ou equipos ideais da tempada, así coma os adestradores de cada categoría, recibirán un premio personalizado acreditando o seu galardón



## Espectáculo

**COMO CADA ANO** Terio Carrera encargárase de presentar e amenizar a Gala na que todos os asistentes poderán disfrutar de diferentes proxecións que homenaxearán aos premiados, música e diferentes sorpresas que se irán desvelando ao longo da entrega de premios







María Auxiliadora | **CAMPIÓN** Premini Feminino

## María Auxiliadora senta no trono provincial tras gañar a Fingoi

**AS COLEXIAIS PROCLAMÁRONSE CAMPIOAS DA CATEGORÍA PREMINI.** O club volverá xogar a Liga Galega, como fixera a temporada pasada, daquela como segundo clasificado

María Auxiliadora proclamouse este sábado campión de Preminibasket feminino. As colexiais lograron ante Fingoi o triunfo que precisaban para concluir a carreira cara a meta, un intenso pulso co Adrián Salgado CB Sarria que, faga o que faga no partido pendente ante CB Viveiro, quedará segundo e disputará tamén a Liga Galega. As colexiais apenas deron opcións a Fingoi no partido que decidía o título provincial que pasa a engrosar os méritos do club colexial, o ano pasado subcampión lucense.

En Preminibasket masculino, Estudiantes Rojo acompañará a Oribio Construcciones CB Sarria na Liga Galega. Os celestes conquistaron a segunda praza tras impoñerse no derbi fronte a Estudiantes Azul por cinco puntos, 70-65.

### Minibasket

Esta fin de semana xogáronse os encontros de ida das eliminatorias polo

título na categoría minibasket feminino, con Alas de Mariposa CB Burela e María T. Martínez Dental CB Sarria, primeiro e segundo da liga regular, como cabezas de serie. Os dous acreditaron a súa condición de favoritos ao título tras impoñerse no primeiro asalto das semifinais, deixando a eliminatoria encamiñada. As burelãs impuxéronse a Cidade de Lugo por 44 a 65 mentres que as de Sarria venceron a Franciscanos tamén cun marcador amplo, 36 a 56.

Os encontros de volta disputaranse a vindeira fin de semana en Vista Alegre e no Chanto.

Na categoría masculina a competición retomouse con vitorias de Estudiantes Azul, CB Viveiro, Cidade de Lugo e CB Celtas. Estes dous últimos equipos, candidatos ao título, terán a vindeira xornada un duelo directo que pode marcar o desenlace da competición. Antes, mañá, os mariñaos terán que disputar un partido aprazado contra CB Viveiro.



Minibasket Feminino | Cidade de Lugo – CB Burela



Minibasket Feminino | Cidade de Lugo – CB Burela



Premini Feminino | Estudiantes Celeste – CB Burela



Premini Mixto | Estudiantes Azul – Estudiantes Rojo



María Auxiliadora | **CAMPIÓN** Premini Feminino



Premini Feminino | María Auxiliadora – Cidade Lugo



Premini Feminino | María Auxiliadora – Cidade Lugo



# San Ciprián inicia o Ascenso cun triunfo

**IMPUXÉRONSE** a Basquet Coruña no primeiro encontro da Fase, cunha praza na Liga Galega en disputa

53		55	
B. CORUÑA		S. CIPRIÁN	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Fernández		Mario	22
Argiz		Hugo	12
Suárez		Marcos	
Martínez		Antón	1
López		Martiño	7
Novoa		Diego	8
Villanueva		Manu	2
Prieto		Miguel	3
Varela			
Fojo			
Permyu			
López			

**“Muy buena actitud del equipo, pero tenemos que mejorar en el tiro”**

MANOLO COBAS San Ciprián

cha ao longo dos corenta minutos de encontro.

O Suministros Carreiras San Ciprián-CB Burela debutou con bo pé na Fase de Ascenso á Liga Galega ao impoñerse a domicilio ao Basquet Coruña.

Un triunfo liderado por Mario, que anotou 22 dos 55 puntos do seu equipo en Riazor, e disputado ata o final, xa que o partido se decidiu por dous puntos. Os parciais de 10-13, 18-16, 13-13 e 12-13 reflicten a igualdade sobre a can-

Os de Manolo Cobas adaptáronse axiña ao rápido ritmo de xogo que esixe a competición. O traballo defensivo e a boa circulación en ataque foron as grandes fortalezas dos mariñoos no encontro no que, sen embargo, careceron de acerto no tiro. Os fallos cara á canastra evitaron que lograsen rendas amplias, abocando o partido a un final moi apertado no que a balanza puido desnivelarse para



O mariño Mario a piques de lanzar á canastra

calquera dos dous lados.

A vindeira cita para os de Manolo Cobas será ante San Pelayo Fedesa, que tamén gañou na xornada inaugural.

#### Unha praza en xogo

O Basket Ferrol completa a nómina de equipos

do Grupo Norte da Fase de Ascenso, que se disputará nunha liga a dobre volta. O primeiro clasificado terá que medirse ao primeiro do Grupo Sur para disputar a única praza de Ascenso á Liga Galega en disputa neste treito final da temporada.

## Ribadeo creu ata o final na remontada

**O APAGÓN DO SEGUNDO CUARTO** condicionou a estrea das ribadenses na Fase de Ascenso

51		59	
CB RIBADEO		MARISTAS	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Sara F.		Martinell	
Aldara	2	Sanmartín	
Andrea	1	Deus	
Sara L.	14	Gómez	
Irene	32	Carretero	
Marta		Alonso	
Julia	2	Patiño	
		Freire	
		Núñez	
		Abad	
		López Keller	
		Martín	

**“Me quedo con la reacción del equipo en la segunda parte sabiendo que vamos a luchar por la fase”**

JOSE VÁZQUEZ Ribadeo

O Ribadeo sufriu na súa estrea na Fase de Ascenso as consecuencias da esixente temporada que afrontaron as xogadoras, sumando tamén minutos co equipo júnior.

O cansazo que xa aparecerá manifestouse tamén no partido ante Maristas, correspondente á segunda xornada pero adiantado a esta fin de semana.

Esa sombra pesou sobre os ombreiros das locais desde o inicio, pero acen-tuouse no segundo periodo no que o equipo tivo moitas dificultades para realizar balances defensivos ante un Maristas que aproveitou para correr e anotar ao contraataque ata un parcial

de 7-24 que poñía o encontro moi costa arriba para as ribadenses.

O descanso e a análise do primeiro tempo, con enmendas á falta de intensidade defensiva, sentoulles ben as locais que, na volta á cancha, tiraron de casta para anotarse o terceiro parcial, 13-9, con Irene empezando a dominar nos dous taboleiros. A inercia mantívose no cuarto periodo no que recortaron distancia ata poñerse a seis puntos a falta de catro minutos. As ribadenses crían no triunfo ante un Maristas desbarbado que, sen embargo, puido manterse en pé no treito final, marcado polas imprecisións dos dous equipos.

# A Copa arranca sen sorpresas

**NO TORNEO** participan os oito equipos da categoría masculina que non xogan a Fase de Ascenso. As dúas liguñas, a ida e volta, botaron a andar esta fin de semana



A Copa cadete masculina comezou cun derbi entre os dous conxuntos de Sarría, MGR e Oral Design

Oito equipos comezaron a pasada fin de semana a disputa da Copa Primavera na categoría cadete, co que continúa a temporada despois do remate das ligas provinciais.

CB Ribadeo, Estudiantes Azul, Ensino Lugo e Carferlo CB Viveiro, clasificados do segundo ao quinto posto na liga regular, por un lado, e e MGR Sarria, Estudiantes Rojo, Sagrado Corazón, Oral

Desing CB Sarria, entre a sexta e a novena posición, por outro, disputarán o trofeo que arranca con liguñas de ida e volta en cada un dos grupos de catro equipos.

#### Grupo I

Estudiantes Azul e CB Ribadeo, segundo e terceiro da liga regular, parten como favoritos para o torneo pero a xornada inaugural demostrou

## 4

#### EQUIPOS NO GRUPO I

CB Ribadeo, Estudiantes Azul, Ensino Lugo e Carferlo CB Viveiro, clasificados do segundo ao quinto posto na liga regular, conforman o Grupo I

## 4

#### EQUIPOS NO GRUPO II

MGR Sarria, Estudiantes Rojo, Sagrado Corazón, Oral Desing CB Sarria, entre a sexta e a novena posición na liga, son os integrantes do Grupo II

que non o terán doado. Os celestes impuxéronse a Ensino Lugo no último parcial ao que se chegou cunha lixeira vantaxe para os ensinistas. No arreón final, os estudiantís estiveron máis soltos en ataque e levaron o encontro, 45-42.

O CB Ribadeo tamén tivo que agardar ata o final para levar o triunfo ante o Viveiro, que amosou a súa mellor versión no terceiro periodo do

encontro, 78-65.

#### Grupo II

Neste cadro, debutaron con vitoria Estudiantes Rojo e MGR CB Sarria, respondendo tamén ao que marcaba a clasificación na competición regular.

Os estudiantís impuxéronse con solvencia ao Sagrado Corazón, 68-35, mentras que os sarriaes mandaron no derbi inter-xeneracional do Chanto ante o Oral Design, 31-72.



# O Academia A Mariña Burela alzouse co título Provincial

**ENSINO LUGO** quedou co subcampeonato tras brillar na competición regular, sumando o conxunto que dirixe Aigor Romo 17 vitorias e unha soa derrota. O de Madar deu a sorpresa no Anexo imponéndose na prórroga

IDA			
53		56	
BURELA		ENSINO	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Sara	21	Emma	17
Henar	12	Carla	3
Sandra	8	Paula	3
Lucía S.	2	Laura	3
Cecilia	8	Carolina	13
Sabela	2	Varela	9
Noa		Quiroga	
Ainoa		Raquel	
Ainoa Mía		Daniela	9
Nuria		Ariadna	1
Iria			
Sofía			
Lucía P.			
Andrea			
Marta			
Paula R.			

VOLTA			
55		61	
ENSINO		BURELA	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Emma	5	Sara	23
Carla	4	Henar	5
Antia	3	Sandra	11
Paula		Lucía S.	
Laura		Cecilia	4
Carolina	16	Sabela	18
Varela	11	Noa	
Quiroga		Ainoa	
Daniela	6	Ainoa Mía	
Ariadna	10	Nuria	
		Iria	
		Sofía	
		Lucía P.	
		Andrea	
		Marta	
		Paula R.	



O Academia A Mariña Burela posa para Lider na pista do Anexo tras conseguir o título Provincial infantil feminino

O Academia A Mariña CB Burela alzouse co título provincial tras imponerse ao Ensino na eliminatoria a ida e volta coa que se decidiu o campionato. As ensinistas chegaron a cita co aval de seren primeiras na liga regular, imponéndose nos dous partidos disputados ante as burelãs, segundas. Pero a final comezou co contador a cero e, no cómputo global, tras 85 minutos de xogo, caeu do lado das de Madar.

A eliminatoria comezou cunha vitoria do Ensino en Vista Alegre. As locais arrancaron mellor, cun

ritmo alto que lles permitiu poñerse 11 puntos por riba a mediados do segundo cuarto. Sen embargo, tras o descanso as ensinistas aproveitaron a súa característica defensa presionante para correr e anotar con facilidade, gañando o primeiro asalto da eliminatoria, 53-56.

Unha renda exígua que deixaba o título por decidir para a volta no Anexo. As capitalinas comezaron o encontro con mellores sensacións, cun parcial de 20-10 que as poñía 13 puntos por riba na eliminatoria, pero o CB Burela

**“Dos partidazos con excelente comportamiento del público y gran entrega de los dos equipos”**

MADAR Academia A Mariña Burela

**“Hemos conocido la cara más injusta del baloncesto. Enhorabuena a mis jugadoras por el esfuerzo y la entrega”**

AIGOR ROMO Ensino

soubo sobrepoñerse a ese momento crítico e deulle a volta ao marcador, poñéndose 10 puntos por riba a metade do último período. O

Ensino apertou e forzou a prórroga pero, no engadido, a sorte sorriu as burelãs, que cun 55-61 no marcador final, se fixeron co título.



A burelã Sara mira o aro defendida por Laura, do Ensino



Ariadna trata de superar a presión de Sara Pedreira



As xogadoras mariñãs celebrando o título con Madar

## Estudiantes entra no podio

**AS CELESTES** impuxéronse a Franciscanos na eliminatoria polo terceiro posto. Sarria e Viveiro gañaron os duelos pola quinta e sétima praza

Na fin de semana disputáronse tamén eliminatorias polo terceiro, quinto e sétimo posto. No duelo polo bronce, Estudiantes impúxose a Franciscanos e conservou a praza no podio. As celestes déronlle a volta á eliminatoria na volta, 60-44, despois de que as

colexiais se impuxeran na ida, 62-56. O CB Sarria asinou un bo final de temporada imponéndose a Cidade de Lugo nos encontros polo quinto posto, 37-46 na ida e 55-25 na volta. O Viveiro conquistou o sétimo posto tras imponerse a Galén, 39-52 e 40-69.

**“Buen final de temporada para un equipo con mayoría de jugadoras preinfantiles”**

MAISA Saneamientos CB Sarria

**“Lo vivimos como una fiesta tras una temporada complicada en sus inicios”**

ANXO NADELA Cidade

**“Gran esfuerzo del equipo en una eliminatoria que nos sirve para aprender”**

AMIR TABOADA Galén Ensino

**“En la vuelta fuimos superiores porque jugamos en equipo, con intensidad defensiva”**

MARCO Viveiro

**“Tercer puesto muy merecido para un grupo de infantiles y minis fantástico”**

NICO FERNÁNDEZ Estudiantes

**“Los dos equipos competimos a un gran nivel los dos partidos”**

ANXO NADELA Franciscanos



**FICHAS PARTIDOS • FRASES INFANTIL 2ª MASCULINO**

“Aplazamos el primer partido por falta de jugadores y siete meses después somos campeones derrochando trabajo e ilusión”

RUBÉN ENGRUBA Sagrado

“Felicitó a mis jugadores por el gran esfuerzo durante la temporada. Enhorabuena al Sagrado”

JUANMA Cidade

“El equipo ha hecho una gran temporada. Felicitó a todos los jugadores”

ALFONSO FRANCO Ensino

“Buen partido de los jugadores, seguimos trabajando”

ZAIDA IGLESIAS Estudiantes 06

“Una primera parte muy buena. Muy contentos, a seguir trabajando”

ÁLEX/JULIO CB Viveiro

“La calma nos hizo competir mejor durante momentos del partido”

JESÚS PLACER Estudiantes 05

“Buen broche final para cerrar una gran temporada de estos chicos”

JAVI MOYA MGR Sarria

“Buen partido para finalizar la Liga. Enhorabuena a Sagrado Corazón”

NACHO MOTA CB Ribadeo

“Estuvimos muy alocados en la salida de presión”

MANOLO COBAS CB Burela

**Sagrado saíu a polo campionato**

SAGRADO		CIDADE	
Xogador	P.	Xogador	P.
Pau	69	Anxo	48
Antón		Adrián	
Julián	16	Miguel	
Jorge		Sergio	
Pablo	27	Diego	
Yishak	6	Xacobe	
Gabriel	7	Miguel	
Samuel		Alex	
Néstor	13	Nacho	
Carlos		Miguel	

**Ensino cumpriu ante Franciscanos**

ENSINO		FRANCISCANOS	
Xogador	P.	Xogador	P.
Rami	2	Mateo	
Miguel	21	Isma	
Alvaro	8	Pi	
Pablo	11	Santi	
Alex	4	Centeno	
Sergio		Brais	
Elias	10	Javi	
Jesús	2	Bosco	
Bruno		Pablo	
Diego	2	Antonio	
Nico	2		
Jorge	14		

**Máis igualdade que no partido de ida**

ESTU 06		CB VIVEIRO	
Xogador	P.	Xogador	P.
Javier M.	52	Carlos	31
Fabio		Luis	9
Pablo		Nicanor	10
Javier F.		Alberto	7
Adrián		Rubén	7
Fernando		Yousef	6
Diego		Miguel	
Jorge		Juan	
Marcos			

**Sarria acelerou no terceiro cuarto**

ESTU 05		MGR SARRIA	
Xogador	P.	Xogador	P.
Miguel	46	Xavi	66
Marcos	12	Christian	
Diego Gay	4	Antón	
Alexandre	4	Dani	
Victor	23	Izám	
José Daniel		Urko	
Senén		Oscar	
Carlos		Pablo	
Diego Pérez			

**Final en alto do CB Ribadeo**

CB RIBADEO		CB BURELA	
Xogador	P.	Xogador	P.
Pedro	8	Álvaro	17
Iago		Simón	2
Javi	8	Pablo	8
Jorge	12	Hugo	2
Dani	19	Xoel	2
Juan López	4	David	
Lucas	12	Mario	5
Simón	6	Fabio	1
Iker	2	Daniel	2
		Mario	



O cadro do Sagrado Corazón e os seus adestradores, David e Rubén, posan para Lider tras gañar o título de Liga

# O título Provincial é do Sagrado Corazón

Sagrado Corazón proclamouse este domingo campión provincial infantil tras vencer ao Cidade de Lugo. O triunfo era imprescindible para os de Rubén Engroba despois de que Ensino fíxese o sábado os deberes ante Franciscanos logrando unha vitoria que descargaba toda a presión sobre os corazonistas.

A trascendencia do encontro non encorseitou ao equipo de Engroba que, malia chegar ao final de temporada co persoal moi xusto de folgos, dominou o encontro, con Pablo asumindo un rol protagonista. O 22-9 do primeiro parcial daba conta das intencións dos locais, que querían romper o partido canto antes.

O acerto exterior de Cidade e fallos propios en canastras fáciles impedíronlles finiquitar o encontro que, con todo, sempre mantiveron controlado

con parciais favorables de 13-10, 20-17 e 14-12.

Sagrado remata da mellor forma posible unha temporada moi longa con problemas físicos en varios xogadores e cos máis destacados acumulando ata dous ou tres partidos cada fin de semana, ao competir tamén cos preinfantis en Liga Galega.

O trono provincial atopou dono tras unha liga marcada, na zona alta, polo pulso entre o agora campión, Ensino e CB Celtas -que xa disputara en marzo o partido desta xornada- igualados na cima da táboa durante varias semanas.

Máis aló da loita polo título, a xornada completouse con vitorias de CB Ría de Ribadeo, que remata cuarto tras un curso no que foi de menos a máis, MGR CB Sarria, quinto, e Carferlo CB Viveiro, décimo clasificado.



Pablo, o máis destacado do encontro, tras superar a Miguel



Gabriel coa pelota na pintura ante Nacho e Miguel, Cidade



Varios xogadores do Sagrado festexando o título



Néstor mira o aro a piques de lanzar seguido por Xacobe

www.liderlugo.es  
A PARTIR DE CADA MÉRCORES  
Todas as fotos da xornada na  
**WEB**



# Baloncesto base

**ESTUDIANTES LEYMA MASCULINO E FEMININO E DURÁN MAQUINARIA ENSINO JÚNIOR** xa coñecen aos rivais nos seus respectivos Campionatos de España que arrincan o próximo día 5



Galicia contará con cinco representantes nos Campionatos de España de Clubs na categoría júnior e tres deles son lucenses. Os equipos masculino e feminino de Estudiantes e o feminino do Ensino acompañarán a Obradoiro masculino e Celta de Vigo júnior.

Ambos campionatos disputaranse do 5 ao 11 de maio. O masculino en Zaragoza e o feminino en Avilés.

Estudiantes masculino preséntase na cita co subcampeonato galego e tras perder tan só un encontro esta tempada. Os de Marcos López xa coñecen aos seus rivais en fase de grupos e o nivel de dificultade estará acorde coa maior competición do baloncesto de formación.

Os lucenses quedaron emparellados no Grupo A con todo un Real Madrid, Gran Canaria e Valencia Basket. Tres canteiras de Liga ACB ante as que Estudiantes intentará competir do mellor modo e por que non, conseguir dar algún susto e sorpresa. O debut será o vindeiro domingo 5 de maio a partir das 18:30 horas ante Gran Canaria. O luns a partir das 20:30 Estudiantes mídese co Real Madrid e o martes día 7, tamén a partir das 20:30 será a quenda de Valencia Basket.

#### Júnior Femenino

O Campionato de España feminino dispútase en Avilés e dos tres representantes galegos, dous serán lucenses.

Estudiantes Leyma, encadrado no Grupo D, e o Durán Maquinaria Ensino no Grupo E como se-

gundas e terceiras respectivamente acompañarán ao Celta de Vigo, que parte con opcións de facer algo moi grande nesta edición.

Estudiantes medirase con Uni Girona, Deza Maristas e Luther King, debutando o domingo 5 de maio ante Uni Girona a partir das 13:30 horas. O segundo encontro será o luns 6 a partir das 15:30 ante Deza Maristas de Córdoba e o último encontro da fase de grupos será o martes 7 de maio a partir das 15:30 ante o Luther King tinerfeño.

Pola súa banda o Durán Maquinaria Ensino, que acode ao seu cuarto Campionato de España júnior feminino consecutivo, competirá no Grupo E con Ponce Valladolid, A Paz Torrelavega e Puleva Gmasb de

Granada.

O primeiro encontro para as de Miguel López será o domingo 5 de maio a partir das 9:30 horas ante A Paz Torrelavega, o segundo tamén a partir das 9:30 horas do martes 6 de maio ante Ponce Valladolid e o último encontro da fase de grupos será o martes 7 de maio ante Puleva Gmasb a partir das 10:30 horas.

Para un nutrido número de xogadores e xogadoras de Estudiantes e Ensino este será o último torneo oficial que disputen en idade de formación, polo que a súa despedida do baloncesto base será ante os mellores equipos e xogadores e xogadoras nacionais.

**“Vamos todos muy ilusionados. Aunque somos conscientes de la dificultad del grupo, ya que están tres de los seis mejores de España como Real Madrid, Gran Canaria y Valencia Basket”**

MARCOS LÓPEZ

**“Nos vamos a encontrar un nivel de baloncesto altísimo, por lo que nuestro objetivo será dar lo máximo de nosotras en cada partido y disfrutar todo lo que podamos de Asturias”**

MIGUEL LÓPEZ

**“Muy ilusionados con poder competir en el Campeonato de España y de hacerlo con las mejores. Iremos a pelear cada posesión, porque es lo que hace este equipo, y a disfrutar cada segundo”**

FERNÁN VARELA